



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1106-1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 2/10/2021 dona [REDACTED] presenta solicitude de acceso a información pública respecto as medidas que se van a adoptar por parte do Concello respecto atraccións de Nadal que se van colocar na zona Centro de Vigo (rúas Areal , Rosalía de Castro e Praza de Compostela), e concretamente plan de autoprotección e emerxencias, plan de tráfico, mobilidade, seguridade e transporte público, plan de hixiene e servizos hixiénicos previstos para o uso do público asistente, medidas e plan de acción en materia de contaminación acústica.

En data 29.11.2021 emítese informe do Servizo de Comercio e incorpórase ao expediente Plan de mobilidade

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que "*Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2023 09:37	Páxina 1 de 4
1106-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

por esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada consta informe do Servizo de Comercio de data 29.11.2021 no que sinala

"

- No tocante ás **medidas hixiénico sanitarias**, establecéronse aseos públicos en varias zonas de influencia con servizo de persoal que limpeza que se atopa operativo durante todas as horas que o Cíes Market permaneza aberto (achéganse planos coas localizacións)
- As medidas adoptadas en relación coa **contaminación acústica** figuran establecidas na cláusula 9 do Prego de Prescricións Técnicas do expediente 7815/106. *XESTIÓN E APROVEITAMENTO DE LOCALIZACIÓNS PARA AS ACTIVIDADES DO NADAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL : CÍES MARKET* e na cláusula 10 do Prego de Prescricións Técnicas do expediente 7897/106. *XESTIÓN E APROVEITAMENTO DE LOCALIZACIÓNS PARA OUTRAS ACTIVIDADES DO NADAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL*, que din literalmente:
- "1.- *Ruído: o funcionamento das atraccións, actividades e/ou maquinaria deberán cumprir cos obxectivos de calidade acústica previstos na normativa de aplicación e ordenanza municipal; ou aqueles outros que o Concello adopte ao respecto. O adxudicatario no proxecto técnico de instalación da súa proposta técnica deberá indicar as medidas correctoras e de control que inclúe para cumprir con dita ordenanza. As atraccións permanecerán en silencio durante as actuacións artísticas e musicais que se realicen no recinto, así como nos intervalos ou espazos de tempo que determine servizo de Comercio, non admitíndose gravacións que poidan ferir a sensibilidade do público.*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2023 09:37	Páxina 2 de 4
1106-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 2.- O horario de funcionamento máximo será o seguinte:

Apertura:

-Diario: 17:00 h.

-Fins de semana: 11:00 h.

Peche:

- Laborables diario: atraccións, dende o 21 de novembro ata o 17 de decembro o peche será ás 23:00 h. e dende o 21 de decembro ata o 7 de xaneiro de 2022, coincidindo coas vacacións de Nadal, o peche será as 24:00 h.

- Os venres, sábados, vésperas de festivo e festivos: ata 24:00 h.

-Os días 24 e 31 de decembro ata ás 20:00 h.

-O día 5 de xaneiro ata as 22:00 h.

En todo caso as atraccións deixarán de utilizar o son musical de ambiente a partires das 22,00 horas.

As bucinas de aviso sonoro de inicio e finalización de quenda utilizaranse o estritamente necesario por razóns de seguridade e cos niveis acústicos mínimos”.

Así mesmo, achégase ao expediente o **Plan de Autoprotección** aprobado con motivo da Campaña do Nadal 2021-2022.”

Así mesmo incorpórase Plan de mobilidade de data 19.11.2021.

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto formúlase a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por dona [REDACTED] e facilitar informe do Servizo de Comercio, Plan de mobilidade, Plan de autoprotección e plans de localización.

TERCEIRO.- *Notificar á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:*

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2023 09:37	Páxina 3 de 4
1106-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2023 09:37	Páxina 4 de 4
1106-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		